

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CENTRO: IES PEDRAS RUBIAS**

**CURSO: 1º ESO**

**MATERIA: Lingua Castelá e Literatura**

**DEPARTAMENTO: Lingua Castelá e Literatura**

**DATA: 16/ 05/ 2020**

# ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender, interpretar e valorar textos orais propios do ámbito persoal e familiar, ámbito escolar e social, narrativos, descritivos. captando o seu sentido global, identificando a información relevante, extraendo informacións concretas.	1.1 Comprende o sentido global de textos orais de diferente índole: propios do ámbito persoal, familiar, escolar e social, narrativos, descritivos identificando a información relevante. 1.2 Retén información relevante. 1.3 Resume textos, de forma oral recollendo as ideas principais, enlazándoas adecuadamente e expresándoas con claridade.
Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, coherencia e cohesión das producións orais propias e alleas, así coma os aspectos prosódicos e os elementos non verbais.	2.1 Coñece o proceso de produción de discursos orais, valorando a claridade expresiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. 2.2 Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos e da linguaxe non verbal na produción de textos orais.
Aprender a falar en público, en situación formais e informais, de forma individual ou en grupo, aplicando estratexias de planificación.	3.1 Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral. 3.2 Emplea adecuadamente fórmulas de saúdo e despedida
Aplicar estratexias de lectura para a comprensión e interpretación de textos escritos, integrando os tres momentos do proceso lector: antes da lectura, durante a lectura e despois da lectura.	4.1 Realiza lectura expresiva de textos de diversa índole. 4.2 Diferencia entre tema e resúmen. Elabora resúmenes e deduce e sabe explicar a idea principal dun texto.

Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos propios do ámbito persoal, familiar, escolar e social captando o seu sentido global, identificando a información relevante, extraendo informacións concretas, determinado a actitude do falante e valorando algúns aspectos da súa forma e contido	5.1 Recoñece e expresa o tema, a idea principal, as ideas secundarias, así coma as relacións entre elas e a intención comunicativa de textos escritos propios do ámbito persoal e familiar, ámbito escolar e social, identificando a tipoloxía textual e a organización do contido.
Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas escolares, dicionarios ou de calquera outra fonte de información, impresa en papel ou dixital integrándoos nun proceso de aprendizaxe continuo	6.1 Utiliza , de forma progresiva e autónoma, diversa fontes de información. 6.2 Coñece e manexa dicionarios escolares, impresos ou en versión dixital. 6.3 Coñece o funcionamento da biblioteca do seu centro e da súa localidade.
Aplicar as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados: planificando, contextualizando, revisando, reescribindo e integrando a reflexión ortográfica e gramatical.	7.1 Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos: esquemas, árbores, etc. 7.2 Redacta borradores de escritura e revisa o texto. 7.3 Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados con cohesión e respectando as normas gramaticais e ortográficas
Escribir textos en relación co ámbito de uso: persoal, familiar, escolar e social así como en relación coa finalidade que perseguen:	8.1Escribe textos narrativos , descritivos e instructivos imitando textos modelo. 8.2Resume textos recollendo as ideas principais, enlazándoas adecuadamente

<p>narracións, descricións e intrucións da vida cotiá, seguindo modelos e aplicando estratexias necesarias para planificar, contextualizar, revisar e reescribir. Valora a importancia da escritura como ferramenta de adquisición de aprendizaxe e como estímulo do desenvolvemento persoal.</p>	<p>e expresándoas con claridade 8.3 Esquematiza textos</p>
<p>Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión, progresivamente autónoma, de textos propios e alleos, utilizando a terminoloxía gramatical necesaria.</p>	<p>9.1 Recoñece e identifica as diferentes categorías gramaticais: substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes, verbos, preposicións. 9.2 Recoñece e corrixe erros de concordancia en textos propios e alleos aplicando os coñecementos sobre categorías gramaticais e as súas normas de uso. 9.3 Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais.</p>
<p>Manexar con precisión os dicionarios de lingua española e recoñecer as abreviaturas empregadas, seleccionando entre as diferentes acepcións dunha palabra</p>	<p>10.1 Manexa o dicionario para buscar o significado de aquelas palabras que descoñece.</p>
<p>Entender o concepto de texto, partindo da lectura de textos de diversa índole que se axusten a obxectivos comunicativos diversos e cercanos á realidade.</p>	<p>11.1 Reflexiona e describe a intención comunicativa dun texto a partir da lectura de textos cercanos á realidade.</p>
<p>Identificar e explicar o papel que desempeñan os conectores textuais no texto e recoñecer as substitucións pronominais e o uso de</p>	<p>12.1 Recoñece nun texto algúns conectores de orden e explicación, así como os</p>

<p>sinónimos, hiperónimos ou elipse como mecanismos básicos que cohesionan calquera discurso.</p>	<p>mecanismos básicos de referencia interna.</p> <p>12.2 Selecciona e utiliza adecuadamente as substitucións pronominais e os sinónimos nun texto escrito para evitar a repetición, valorando o uso dun léxico variado en función da intención comunicativa.</p>
<p>Recoñecer a realidade plurilingüe de España, valorándoa coma unha riqueza do noso patrimonio histórico e cultural</p>	<p>13.1 Localiza nun mapa as distintas linguas de España na actualidade.</p> <p>13.2 Identifica as linguas de España a partir da lectura ou audicións en radio, televisión, etc.</p>
<p>Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil , próximas aos propios gustos e ás próximas afeccións, amosando interese pola lectura.</p>	<p>14.1 Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.</p>
<p>Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.</p>	<p>15.1 Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións</p>



### 3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>AVALIACIÓN</b>	<b>Procedementos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo do alumnado consistente na realización de exercicios, proxectos, aula virtual, elaboración de audios e vídeos,, redacción ...</li> </ul>
	<b>Instrumentos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Envío e posterior corrección dos traballos escrito.</li> </ul>
	<b>Criterios de cualificación :</b>  <b>Entrega e correcta realización das actividades 100% da nota.</b>
<b>CUALIFICACIÓN FINAL</b>	<b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Media aritmética das notas da 1ª e 2ª Avaluación (despois de ser recuperadas de ser o caso) + ata 1 punto por entrega e correcta realización das actividades da 3ªAvaluación.</b></li> </ul>
<b>PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>No caso de ser presencial:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>Opción 1:Proba escrita: 100% Cualificación</b></li> </ul> </li> <li>• <b>No caso de non ser presencial:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>Entrega de traballo/actividades: 100% Cualificación</b></li> </ul> </li> </ul>
<b>ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE</b>	<b>Criterios de avaliación:</b>  <p>Consideramos que o/a alumno/a ten a materia recuperada cando:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Teña entregado e realizado de xeito correcto, antes do 5 de xuño, parte do material de pendentes ( 75% que corresponde ás tres primeiras partes ) proposto a principio de curso.</li> </ol> <p>De non cumprir con este criterio terase en conta o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>2. Teña aprobadas ou recuperadas as dúas primeiras avaliacións da materia de Lingua Castelá e Literatura no curso actual.</li> </ol> <p>De non cumprir con este criterio terase en conta o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>3. Entregar de xeito correcto durante a 3ª avaliación a lo menos o 70% do material do curso actual.</li> </ol>
	<b>Criterios de cualificación:</b>  <p>Tendo en conta as tres situacións anteriormente descritas:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. De cumprirse a primeira opción, a nota sería a correspondente á puntuación na corrección dos exercicios.</li> <li>2. De cumprirse a segunda opción, a nota sería a correspondente á media</li> </ol>



entre as dúas primeiras avaliacións ou á da recuperación das mesmas.

3. De cumprirse a terceira opción, a nota sería un 5.

**Procedementos e instrumentos de avaliación:**

- Envío e posterior corrección dos traballos escrito.

## 4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

<b>ACTIVIDADES</b>	<b>ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN</b>
	Dirixidas ao alumnado con avaliacións e/ou materias de cursos anteriores suspensas, co fin de que poidan recuperalas. <ul style="list-style-type: none"><li>• Material individualizado para o alumnado que terá que entregar.</li><li>• Actividades Aula virtual</li></ul>
	<b>ACTIVIDADES DE REPASO</b>
	Dirixidas a consolidar aprendizaxes do 1º e 2º trimestre. <ul style="list-style-type: none"><li>• Fichas con actividades</li><li>• Actividades do libro</li><li>• Actividades Aula Virtual</li></ul>
	<b>ACTIVIDADES DE REFORZO</b>
	Tarefas dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe . <ul style="list-style-type: none"><li>• Actividades individualizadas:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Fichas con actividades</li><li>○ Actividades do libro</li><li>○ Actividades Aula Virtual</li></ul></li></ul>
<b>ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN</b>	
Son as que permiten continuar construíndo coñecementos e afondar neles para superar con facilidade os obxectivos propostos. Estas actividades pódense plantexar cun nivel superior de elaboración ou tamén solicitar que as realicen cun maior grado de autonomía. <ul style="list-style-type: none"><li>• Traballos de investigación.</li><li>• Proxectos.</li></ul>	
<b>METODOLOXÍA</b>	<b>ALUMNADO CON CONECTIVIDADE</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Proposta de actividades semanalmente na Web do centro.</li><li>○ Correccións semanais na web do centro / corrección individual por correo electrónico.</li><li>○ Resolución de dúbidas:<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Correo electrónico.</li><li>▪ Videoconferencia.</li><li>▪ Chamada telefónica.</li></ul></li></ul>
	<b>ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE</b>

<b>MATERIAIS E RECURSOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• <u>Libro de texto.</u></li><li>• <u>Apuntamentos da clase.</u></li><li>• <u>Enderezos web.</u></li><li>• <u>Textos a descargar da web do centro.</u></li><li>• <u>Recursos dixitais:</u><ul style="list-style-type: none"><li>○ <u>todo o alumnado dispón de ordenador.</u></li><li>○ <u>Correo electrónico.</u></li><li>○ <u>Web do centro.</u></li><li>○ <u>Abalarmóbi</u></li><li>○ <u>Webex</u></li><li>○ <u>Aula Virtual</u></li></ul></li></ul>

## 5. Información e publicidade

<b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Abalarmóbil</li><li>• Correo electrónico</li><li>• Web do centro</li></ul>
<b>PUBLICIDADE</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</li><li>• Aviso de publicación por Abalarmóbil</li></ul>